



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E ZONA DE ABASTECIMENTO/ COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE ROBLIDO PARA CONSUMO HUMANO PARA A EXECUCIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS NO "PLAN INTEGRAL EXTRAORDINARIO DE AUTOCONTROL NAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO AFECTADAS POR MOR DOS INCENDIOS FORESTAIS"

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en virtude das competencias que lle son atribuídas nos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente.

Por outra parte, María Teresa Mateo Fernández presidente da Comunidade de usuarios do abastecemento de agua de Roblido (G13669528), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os seus estatutos, todo elo de conformidade co previsto no artigo 81.1. do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

As partes recoñécense con capacidade e representación suficientes para formalizar este convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte doutros entes públicos que actúan preto da cidadanía.

Segundo.- Este ano, a Comunidade Autónoma de Galicia está a ser afectada por unha vaga de incendios forestais, de xeito especial a provincia de Ourense. Incendios que teñen causado graves danos persoais e materiais.



Ademais deses danos, os incendios forestais poden producir cambios significativos na calidade da auga. Un dos primeiros e maiores impactos dos incendios forestais é un aumento significativo na escorra de augas pluviais. Os aumentos no fluxo da corrente despois dun incendio poden producir efectos de distinta intensidade na calidade física, química e biolóxica da auga en arroyos, ríos e lagos pola achega de sedimentos cargados de substancias químicas á auga superficial, o que pode ter importantes impactos sobre a súa calidade.

O sedimento suspendido e os contaminantes asociados cos sedimentos (en particular, os nutrientes, o carbono orgánico e diversos elementos traza) representan os compoñentes que teñen máis probabilidades de aparecer a niveis elevados nas subministracións de auga despois do incendio.

Os niveis elevados de turbidez tamén poden requirir unha maior desinfección utilizando diversos desinfectantes/oxidantes como cloro e ozono. Isto pode dar como resultado unha maior formación de subprodutos de desinfección que haberá que vixiar (Trihalometanos (THM), Ácidos Haloacéticos (HAH), etc.).

Terceiro.- De acordo co previsto no artigo 82 do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, relativo á *"Natureza e réxime xurídico das comunidades de usuarios"*, *"1. As comunidades de usuarios teñen o carácter de corporacións de dereito público, adscritas ao Organismo de conca, que velará polo cumprimento dos seus estatutos ou ordenanzas e pola boa orde do aproveitamento. Actuarán conforme aos procedementos establecidos na presente Lei, nos seus regulamentos e nos seus estatutos e ordenanzas, de acordo con o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común."*¹.

¹ Derogada pola vixente Lei/39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pola súa parte, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no seu artigo 2, relativo ao *"Ámbito subxectivo de aplicación"* que *"As Corporacións de Dereito Público rexeranse pola súa normativa específica no exercicio das funcións públicas que lles foran atribuídas por Lei ou delegadas por unha Administración Pública, e supletoriamente por medio de Lei."*

A función principal das comunidades de usuarios é a xestión e a ordenación interna da auga, con dereitos inscritos ao seu favor e demais bens que integran o dominio público hidráulico, baixo a supervisión do organismo de conca ao que estean adscritas.

Cuarto.- A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece no seu artigo 4, relativo ás *"Competencias da Comunidade Autónoma"* que *"No marco da Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia:*

1. Nas augas incluídas nas concas hidrográficas intracomunitarias a competencia exclusiva, a



cal inclúe:

- a) *A ordenación administrativa, planificación e xestión da auga superficial e subterránea, dos usos e aproveitamentos hidráulicos, así como das obras hidráulicas que non estean cualificadas de interese xeral.*
- b) *A planificación e adopción de medidas e instrumentos específicos de xestión e protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres vinculados á auga.*
- c) *As medidas extraordinarias en caso de necesidade para garantir a subministración de auga.*
- d) *A organización da Administración hidráulica de Galicia.*
- e) *O control e a tutela das comunidades de usuarios incluídas nas devanditas concas."*

Quinto.- De acordo co establecido no artigo 1 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, relativo ao "*ámbito competencial*", á Consellería de Sanidade, entre outros, correspóndelle o exercicio das competencias e medidas especiais que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade deban adoptarse en materia de saúde pública. Competencias que exercerá en coordinación coas outras consellerías da Xunta, e sen prexuízo das competencias que lles correspondan a estas.

O artigo 10 do Decreto 144/2024, do 20 de maio, relativo á "*Dirección Xeral de Saúde Pública*", sinala que esta é o órgano encargado da prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega, sendo a súa misión a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria e de equidade, identificando para elo os perigos para a saúde.

Sexto.- O Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, establece no artigo 1 que o obxecto deste é "*establecer os criterios técnicos e sanitarios das augas de consumo e da súa subministración e distribución, desde as masas de auga ata a billa do usuario, así como o control da súa calidade, garantindo e mellorando o seu acceso, dispoñibilidade, salubridade e limpeza, coa finalidade de protexer a saúde das persoas dos efectos adversos derivados de calquera tipo de contaminación.*", sendo que nesta norma se recollen as obrigas das distintas administracións, singularmente da local e da sanitaria, en orde a realizar as actuacións necesarias para garantir a subministración de auga limpa e salubre.

Sétimo.- Tendo en conta o exposto, a Dirección Xeral de Saúde Pública elaborou un "*Plan de autocontrol reforzado das augas de consumo humano por mor dos incendios forestais para os operadores dos abastecementos.*" (en adiante "*Plan de autocontrol*"), que se recolle no Anexo I deste convenio, coa finalidade de proporcionar información sobre os efectos dos incendios na xestión dos abastecementos de auga de consumo humano, de forma que sirva de guía tanto aos operadores como aos titulares dos abastecementos.

3



No apartado 6 do Plan de autocontrol, relativo aos *"Autocontrois a realizar nas augas de consumo"*, establécese que para protexer a saúde da poboación, cómpre intensificar a vixilancia dos sistemas de abastecemento e verificar a calidade da auga, e que no caso de comprobar alteracións no sistema de abastecemento ou na calidade da auga, haberá que realizar unha avaliación acorde aos contaminantes que poidan estar presentes nesta. Sinálase así mesmo que aos abastecementos situados na zona do lume ou cunha captación augas abaixo da zona afectada realizaránselles determinados controis, indicando a frecuencia destes, os parámetros a analizar e o punto do abastecemento no que se deben realizar.

Oitavo.- No marco do citado Plan de autocontrol, a Dirección Xeral de Saúde Pública elaborou un informe de necesidades coa finalidade de realizar a estimación de recursos que suporía para os concellos e para as comunidades de usuarios de abastecementos de augas levar a cabo o plan de autocontrol reforzado para monitorizar os posibles efectos das cinzas e das escorrentas nas augas de consumo humano por mor dos incendios forestais.

Noveno.- A realización das medidas de autocontrol reforzado das augas de consumo recollidas no Plan de autocontrol teñen carácter extraordinario para os concellos e para as comunidades de usuarios de abastecementos de auga afectados pola vaga de incendios na provincia de Ourense, e supoñen un custo máximo estimado para cada un deles segundo o indicado no Anexo II. Esta estimación realizouse en función do número de zonas de abastecemento rexistradas no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC) e no Sistema de Información da Inspección de Saúde Pública (HERME) da Consellería de Sanidade que segundo as inspeccións realizadas poderían verse afectadas..

Coa finalidade de que este control reforzado das augas de consumo humano se poida levar adiante sen que supoña unha carga excesiva para as facendas locais e as comunidades de usuarios de abastecementos de auga, a Consellería de Sanidade considerou oportuno aprobar unha liña de financiamento para a súa realización por un importe de mil douscentos cincuenta e tres euros (1.253,00 €) que se adxudicará a través de subvencións, sendo que a comunidade de usuarios de abastecemento de Augas de Roblido cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo.- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, do artigo 47, relativo á "Definición e tipos de convenios" establece que *"1. Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común."*

Tendo en conta que as comunidades de usuarios de abastecementos de auga, de acordo co indicado no apartado terceiro anterior, teñen o carácter de corporacións de dereito público, poden subscribir convenios de colaboración para o mellor cumprimento dos seus fins.

Así, a Consellería de Sanidade e a comunidade de usuarios do abastecemento de augas á que este convenio se refire, consideran oportuno subscribir este convenio co obxecto de colaborar na execución das medidas de control das augas de consumo humano previstas no *"Plan integral extraordinario de autocontrol nas augas de consumo humano afectadas por mor dos incendios forestais"*.

Décimo primeiro.- Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender ás necesidades extraordinarias de autocontrol das augas de consumo humano e ás circunstancias específicas de cada comunidade de usuarios de abastecemento de augas afectada por mor dos incendios, co fin de que podan levar a cabo as actuacións recollidas no Plan de autocontrol.

Tendo en conta o anterior, é de interese das partes plasmar un compromiso de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Comunidade de usuarios do abastecemento de auga de para a execución das medidas de control das augas de consumo humano previstas no *"Plan integral extraordinario de autocontrol nas augas de consumo humano afectadas por mor dos incendios forestais"*, así como as condicións de financiamento dos gastos extraordinarios que suporá para dita comunidade a aplicación do citado plan, de cara a monitorizar os posibles efectos das cinzas e das escorrentas nas augas de consumo humano.


Segunda.- Réxime financeiro

Para o financiamento desta axuda a Consellería de Sanidade achegará como máximo unha contía de mil douscentos cincuenta e tres euros (1.253,00 €), que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 12.02.413A.481.4 e no proxecto 2025 00 191 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, na que existe crédito adecuado e suficiente.

Terceira.- Obrigas da comunidade de usuarios

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da comunidade de usuarios:

1. Cumprir o obxectivo, realizando as analíticas contempladas no Plan de autocontrol elaborada pola Dirección Xeral de Saúde Pública.





2. Destinar os fondos que se perciban á execución das actuacións para as que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Achegar o cofinanciamento, de selo caso, necesario para o total cumprimento do obxecto.
4. Tramitar o expediente de contratación para a realización das analíticas requiridas conforme o sinalado no Plan de autocontrol, segundo a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas; será a comunidade de usuarios contratante o responsable directo das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
5. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
6. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Subministrarlle á Consellería de Sanidade toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
9. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Cuarta.- Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a comunidade de usuarios como consecuencia da realización das actuacións acordes co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que, neste caso, se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.



Para os efectos deste convenio consideraranse gastos subvencionables os que teñan como obxecto a realización das análíticas necesarias para dar cumprimento ao Plan de autocontrol reforzado, en concreto os destinados a sufragar os custos dos primeiros análises (realizados na primeira semana trala extinción completa do lume), e segundos análises (a realizar nos tres primeiros meses), así como os custos das posibles confirmacións que sexa necesario realizar en caso de incumprimentos.

Serán de conta da comunidade de usuarios os custos derivados doutras análíticas que fose necesario realizar por incidencias na análise diaria.

Quinta.- Conta xustificativa

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, no caso de non solicitar o seu pagamento anticipado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, a comunidade de usuarios deberá acreditar a realización das actuacións subvencionadas mediante a presentación da seguinte documentación xeral:

a) Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos.

b) Facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo (identificarase o proveedor, o NIF, o número da factura, o concepto e o importe) que xustifiquen a realización das análíticas obxecto de subvención.

Non se aboará máis que o importe xustificado e ata o límite da subvención concedida.

As facturas que se presenten como xustificación dos gastos realizados deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto nas facturas presentadas, poderase perder o dereito a cobrar a subvención concedida.

c) Documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario.

d) Copia dos resultados das análises efectuadas, con indicación do tipo de análise realizado, data de recollida de mostra e data de análise da mostra.

2. Á vista desta documentación a Dirección Xeral de Saúde Pública expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da comunidade de usuarios beneficiada e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

3. A Dirección Xeral de Saúde Pública poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención. Todos os documentos xustificativos dos gastos e pagamentos deberán de permanecer nas oficinas da comunidade de usuarios a disposición do órgano concedente destas achegas para a súa posterior comprobación, de selo caso.



Tamén poderá realizar as visitas e inspeccións ou solicitar informes doutras administracións ou entidades que considere necesarios para comprobar o cumprimento das obrigas asumidas polas comunidades de usuarios beneficiarias.

4. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 30/11/2025.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sexta.- Subcontratación parcial ou total

1. Para a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio, a comunidade de usuarios poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións subvencionadas, salvo que o impida a súa natureza.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da realización das actuacións subvencionadas fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación dos servizos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa que lles resulte de aplicación, e serán estas as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.

Sétima.- Réxime de persoal

Naqueles supostos nos que para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio fose precisa a contratación de persoal, a subscripción do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia a comunidade de usuarios asumirá a posición de empresario ou contratante destes profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención

1. Producirase a perda do dereito da comunidade de usuarios ao cobro da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

8

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a realización das actuacións subvencionadas antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:

- Non executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.

- Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas na tramitación e contratación dos servizos que constitúen o obxecto da subvención.

- Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas na cláusula quinta.

c) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o obxecto da subvención.


Novena.- Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos seguintes supostos:

a) Nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, a comunidade de usuarios comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

c) Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou





en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Consellería de Sanidade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima.- Compatibilidade con outras subvencións

1. Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais

2. Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra subvencionada.

Décimo primeira.- Modificación do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, mediante a correspondente addenda, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Respecto da subvención concedida, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.


Décimo segunda.- Seguimento do convenio

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e dous representantes da comunidade de usuarios.

2. A Comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estará presidida por quen acorden os membros da Comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

3. A Comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento e deberá reunirse cando así o solicite algunha das partes.

4. As súas funcións serán:





- Interpretación do convenio
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolución de cantas dúbidas lle presenten os membros integrantes
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento deste convenio

Décimo terceira.- Causas de resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo cuarta.- Vixencia do convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Décimo quinta.- Natureza do convenio, resolución de conflitos e xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Sanidade; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo sexta.- Publicidade do convenio

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.





2. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sétima.- Protección de datos

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo oitava.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan por duplicado na data consignada no encabezado.

Pola Consellería de Sanidade

Fdo: Antonio Gómez Caamaño



Pola Comunidade de usuarios do
abastecemento de auga de Roblido

Fdo.: María Teresa Mateo Fernández

ANEXO I

PLAN DE AUTOCONTROL REFORZADO DAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO POR MOR DOS INCENDIOS FORESTAIS PARA OS OPERADORES DOS ABASTECEMENTOS

1. Introducción

Os efectos máis adversos dos incendios forestais nos estándares de calidade da auga proveñen dos efectos físicos dos sedimentos e as cinzas que se depositan nas correntes. A magnitude destes efectos dependen, en gran medida, do tamaño, a intensidade e severidade do incendio e da condición da conca hidrográfica no momento da queima.


Este documento trata de proporcionar información sobre os efectos dos incendios na xestión dos abastecementos de auga de consumo humano de forma que sirva de guía tanto aos operadores como aos titulares dos abastecementos.

2. Posibles efectos dos incendios forestais na calidade da auga de consumo

Os incendios forestais poden producir cambios significativos na calidade da auga. Un dos primeiros e maiores impactos dos incendios forestais é un aumento significativo na escorra de augas pluviais. Os aumentos no fluxo da corrente despois dun incendio poden producir efectos de distinta intensidade na calidade física, química e biolóxica da auga en arroyos, ríos e lagos pola achega de sedimentos cargados de substancias químicas á auga superficial, o que pode ter importantes impactos sobre a súa calidade.

O aumento dos sedimentos suspendidos e a turbidez son uns dos efectos máis notables na calidade da auga despois dos incendios forestais, como resultado da cinza e o material de gran fino que se ven arrastrados. Este sedimento pode encher os depósitos de subministración de auga ou interromper as operacións nas plantas de tratamento de auga potable.

O sedimento suspendido e os contaminantes asociados cos sedimentos (en particular, os nutrientes, o carbono orgánico e diversos elementos traza) representan os compoñentes que teñen máis probabilidades de aparecer a niveis elevados nas subministracións de auga despois do incendio. En resposta, vai ser necesario un tratamento da auga mediante coagulación e posterior filtración, para eliminar as partículas floculadas.



Por outra banda, para a maioría dos metais tóxicos, as concentracións elevadas van estar asociadas a altas concentracións de sedimentos que, unha vez eliminadas, reducirían en gran medida os niveis destes contaminantes.

Os niveis elevados de turbidez tamén poden requirir unha maior desinfección e oxidación de metais ou compostos orgánicos utilizando diversos desinfectantes/oxidantes como cloro e ozono. Isto pode dar como resultado unha maior formación de subprodutos de desinfección que haberá que vixiar (Trihalometanos (THM), Ácidos Haloacéticos (HAH), etc.).

Os efectos dos incendios forestais explicados polo miúdo, pódense consultar no documento publicado na web da Dirección Xeral de Saúde Pública (https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/4704/RECOMENDACION%CC%81NS_INCENDIOS_AUGA_CONSUMO.pdf).


3. Alternativas á subministración de augas de consumo

A opción primeira alternativa no caso dun incendio forestal é utilizar unha fonte dunha conca hidrográfica non afectada. Se non é posible, pódese recorrer ao uso de cisternas ou depósitos móbiles para o abastecemento de auga de consumo público, que serán de uso exclusivo para ese uso e terán claramente sinalizada e suficientemente visible a indicación "Para transporte de auga de consumo público" acompañada do símbolo dunha billa branca sobre fondo azul. O uso destes medios está sometido a autorización por parte da autoridade sanitaria. O procedemento e as características das cisternas e depósitos móbiles recóllense na páxina web da consellería de Sanidade ([Cisternas y depósitos móbiles - Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde](#)).

4. Avaliación do estado das infraestruturas das zonas de abastecemento

Logo da fase de control do incendio, en canto as forzas de emerxencia permitan os accesos con garantía de seguridade, é preciso revisar o grado de afectación nas infraestruturas de cada zona de abastecemento afectada.

As propias chamuscas, os arrastres coa auga de extinción e as trasfegas con maquinaria pesada na zona puideron comprometer a rede eléctrica, as proteccións das infraestruturas, a infraestrutura en si mesma, os accesos para o seu futuro mantemento ou as tubaxes para a circulación das augas.





Frecuencia	Parámetros a analizar	Lugar
Diariamente	Olor, color, sabor (polo menos organoléptico). Turbidez, pH e desinfectante residual (con kit ou en laboratorio ou en liña).	Na rede de distribución
No caso de incidencia no control diario	E. Coli, Enterococo intestinal, bacterias coliformes, reconto de colonias a 22°C, olor, color, sabor, pH, conductividade, turbidez, oxidabilidade, amonio, nitratos, nitritos (en laboratorio).	Na rede de distribución
Na semana posterior á finalización do incendio ou antes de retirar as restricións de consumo*	E. Coli, Enterococo intestinal, bacterias coliformes, reconto de colonias a 22°C, olor, color, sabor, pH, conductividade, turbidez, oxidabilidade, amonio, nitratos, nitritos (en laboratorio).	Na rede de distribución
Dentro dos tres primeiros meses logo do incendio (unha análise)	E. coli; Enterococo intestinal; bacterias coliformes; reconto de colonias a 22 °C. Color, sabor e olor (con kit ou en laboratorio). Conductividade, oxidabilidade, pH e turbidez. Anións: nitritos, nitratos, cloruro, fluoruro e sulfato. Catións: amonio, sodio, potasio, calcio, magnesio. Metais: boro, aluminio, cromo, manganeso, níquel, cobre, arsénico, selenio, cadmio, antimonio, chumbo, ferro e mercurio. Trihalometanos (THM) Benzo(a)pireno (CAS 50-32-8). Hidrocarburos Policíclicos Aromáticos (PAHS) Ácidos Haloacéticos (HAH).	Na rede de distribución

*Tamén deberá realizarse esta análise cando se produzan episodios de choiva que poidan aumentar o arrastre de cinzas aos canles fluviais.

7. Referencias bibliográficas

Bitner K, Gallaher B, Mullen K. Review of Wildfire Effects on Chemical Water Quality. LA-13826-MS. May 2001. <https://doi.org/10.2172/781455>

EPA. Wildfires and Water Quality Research. Dispoñible en: <https://www.epa.gov/water-research/wildfires-and-water-quality-research>

Paul MJ, LeDuc SD, Lassiter MG, Moorhead LC, Noyes PD, Leibowitz SG. Wildfire induces changes in receiving waters: A review with considerations for water quality management.

Nesta avaliación será necesario levar a cabo unha revisión completa das infraestruturas da zona de abastecemento dende a captación ata a billa do consumidor e identificar as zonas afectadas.

Deberá comunicar todas as incidencias relacionadas cos incendios ao departamento territorial de saúde pública correspondente.

Concellos da provincia de A Coruña: DireccionTerritorialSanidadeCoruna@sergas.gal

Concellos da provincia de Lugo: departamento.territorial.sanidade.lugo@sergas.es

Concellos da provincia de Ourense: direccion.territorial.ourense@sergas.es

Concellos da provincia de Pontevedra: direccion.territorial.sanidade.pontevedra@sergas.es

Tamén será necesario avaliar a capacidade dos tratamentos para potabilizar a auga e establecer medidas para identificar posibles cambios na calidade da auga e consumo derivadas tanto dos arrastres de cinzas como das actuacións para o control dos incendios.

5. Protección preventiva de captacións

Deberá prestarse atención as previsións meteorolóxicas dado que de producirse choivas poden aparecer novos arrastres e ser preciso pechar as captacións preventivamente.


É imprescindible ESTABLECER MEDIDAS DE PROTECCIÓN para evitar que a auga de escorrentas poida provocar a contaminación NAS TOMAS DE CAPTACIÓN, en augas superficiais (ríos, lagos, encoros), mananciais e pozos.

Isto debe terse en conta tamén en zonas afastadas dos incendios forestais pero que poidan verse afectadas polo arrastre coas chuvias intensas.

6. Autocontrois a realizar nas augas de consumo

Para protexer a saúde da poboación, cómpre intensificar a vixilancia dos sistemas de abastecemento e verificar a calidade da auga. No caso de comprobar alteracións no sistema de abastecemento ou na calidade da auga, haberá que realizar unha avaliación acorde aos contaminantes que poidan estar presentes nesta.

Naqueles abastecementos situados na zona do lume ou cunha captación augas abaixo da zona afectada, realizaranse os seguintes controis:



Water Resources Research. 2022; 58:e2021WR030699.
<https://doi.org/10.1029/2021WR030699>

Smith Hugh G, Sheridan Gary J, Lane Patrick N J, Nymana Petter, Haydon Shane. Wildfire effects on water quality in forest catchments: A review with implications for water supply. Journal of Hydrology. 396. 2011. 170-192.

